

Emmanuelle Garnier. 2011. *Les dramaturges femmes dans l'Espagne contemporaine. Le tragique au féminin*. París: L'Harmattan. 300 pp.

Neste amplo estudo da dramaturxia española contemporánea escrita por mulleres propónse un novo enfoque comparatista cuxo eixe transversal é a categoría filosófica do trágico: o trágico como emoción metafísica derivada da consciencia da fragilidade humana fronte aos elementos. Emmanuelle Garnier emprende nesta obra un extenso traballo de investigación e análise ao redor da cuestión, amplamente discutida, da morte da traxedia na actualidade.

351

Sobre o establecemento do *corpus* tratado planan, como a autora explicita, as ideas de sombra, invisibilidade e discriminación da produción dramática teatral de autoría feminina ao longo da historia de España. O libro, centrado na obra de seis dramaturgas actuais (Gracia Morales, Itziar Pascual, Angélica Liddell, Lluïsa Cunillé, Beth Escudé e Yolanda Pallín), escríbese nunha época proclive ao aumento de investigacións e de grupos de creación feita por mulleres. Na súa introdución, Garnier realiza un exame da progresiva incorporación das mulleres á escena teatral española dende a transición, sinalando diversas causas na orixe dun silenciamento lentamente quebrado: entre estas, a ausencia dunha xenealoxía feminina provedora de modelos a seguir, a influencia de factores sociolóxicos como a moral burguesa, ou o analfabetismo feminino:

Et pourtant, du fond de ce mutisme auquel furent historiquement condamnées les femmes espagnoles, s'étaient élevées de nombreuses voix dramatiques féminines que l'Histoire intellectuelle, artistique et sociale de l'Espagne n'avait, à l'époque, pas considérées comme des éléments constitutifs de son identité (p. 9).

Nesta afirmación áchase a clave que permite comprender a xustificación dun *corpus* demarcado unicamente por dous criterios: as seis autoras son mulleres e os seus textos foron escritos e/ou representados entre 1980 e a primeira década de 2000. Despréndese, xa que logo, unha asunción apriorística segundo a cal estes textos irrompen no panorama literario e artístico español introducindo a voz da muller a modo de elemento constitutivo da identidade nacional, aínda que sexa de modo conflictivo ou discordante.

Por diversas razóns, estes criterios resultan problemáticos, aínda que historicamente razoábeis. Pártese dunha proposta revisionista que efectivamente se está a producir no ámbito social en función dunha certa discriminación positiva, mais Garnier, quen fai referencia á obra de Adrienne Rich, non se estende na consideración ou análise do que Hélène Cixous chamou “escrita feminina” (algo, por outra banda, extremadamente complexo dende o punto de vista teórico, precisamente por se tratar dunha lingua inventada, destrutora de regras e códigos). Non se explicita tampouco a vontade de se aproximar dalgún xeito ás tentativas críticas iniciadas nos anos setenta do pasado século mediante nocións como o que Elaine Showalter denominou “xinocrítica” ou, posteriormente, “lectura feminista” (esta última, focalizada no estudo dos estereotipos femininos no canon e aquela, na produción de autoría feminina tanto no aspecto material como no literario ou formal).

352

Non obstante, a autora incide nunha idea de “feminización do mundo”, entendida a modo de integración dos dous aspectos da natureza humana e explicitamente asociada á consideración da posmodernidade como fragmentación, conforme a explican os sociólogos franceses de referencia nesta obra. A modo de experiencia do tráxico no cotián, os textos estudados fragmentan o discurso nun acto militante de revisión do pasado dende o prisma da femineidade, segundo a tese de Garnier. A traxedia serve, entón, como motivo ou fío condutor no exame das rupturas provocadas pola irrupción da voz das mulleres nun mundo xa de por si discontinuo e fracturado: “En dramatisant cette puissante force tragique modelée au fil des siècles de sujétion au masculin, les femmes prendraient ici une part de leur revanche sur l’Histoire” (p. 233).

A primeira parte do libro, “Le tragique historique de l’affrontement”, céntrase no tratamento do conflito dos xéneros, da dimensión social e da histórica en obras que abordan cuestións como a violencia de xénero, a inmi-

gración, a guerra ou a memoria histórica, demostrando como o conflito toma lugar no interior dos personaxes nestas actualizacións da traxedia atemporal, que privilexian o cotián como escenario de convulsións, practicando unha dramaturxia do xogo e o descentramento.

Na segunda parte, “Le tragique existentiel”, a análise explora a dimensión do conflito existencial a través dunha serie de leitmotivs como a soidade, a morte, a incomunicación, a memoria, a anulación do futuro ou a vertixe existencial da liberdade recentemente conquistada por parte de personaxes femininas, cuxo tratamento implica un desprazamento do “monstro” dende o exterior ao interior do individuo.

A terceira parte, titulada “Au-dela du tragique: Le remede et la protection de l’art”, procura unha exhaustiva análise das categorías dramáticas privilexiadas pola semioloxía teatral, como o personaxe ou as unidades de estruturación do drama (a organización da ficción e a natureza do enunciado dramático). É aquí onde Garnier realiza un moi loábel, novidoso e rigoroso esforzo por conxugar a tradición semiolóxica coas achegas do postestruturalismo (como a noción de “rizoma”) e o paradigma “posdramático” de Hans-Thies Lehmann. Tal conxugación é posíbel, como a autora demostra, mais difícil; necesaria en tanto que as obras estudadas –particularmente as de Angélica Liddell– sitúanse entre o teatral e o *performativo*, de seguirmos a tradición semiolóxica que mantén esta distinción. Serve, neste caso, para abordar con precisión aquelas cuestións que, dende dentro do drama, mostran unha transición evidente cara a outro tipo de espectacularidade; serven, de feito, para examinar dende un enfoque comparatista novas formas da traxedia e do tráxico, “un tragique polymorphe, héritier infidèle des productions antérieures largement étudiées du point de vue de la tragédie en tant que genre théâtral” (p. 231). A deconstrución do personaxe, a tendencia ao rizoma, a crise da linguaxe –emparentada co absurdo ao longo da obra, xa que o teatro do absurdo é outro dos vértices da comparación–, o lirismo, o monólogo, o silencio, a parataxe, ou a interferencia doutros medios na construción do texto son algúns dos elementos estudados.

Para rematar, cómpre sinalar a relevancia desta obra como minucioso estudo dunha parte importante da dramaturxia española actual. Sería interesante contar no futuro coa destreza analítica de Garnier sobre outros temas de grande interese, como por exemplo a construción das masculinidades no

teatro español recente, ou até o tratamento do xénero nos autores de sexo masculino, así como o doutros conflitos identitarios á súa vez vinculados a estes, como o nacional ou o de clase.

María López Suárez

Henry Jenkins, et. al. 2009. *Confronting the Challenges of Participatory Culture – Media Education for the 21st Century*. Cambridge: The MIT Press. 129 pp.

Este libro configúrase como posible guía e fonte de suxestións para os educadores do século XXI que deben facer fronte á crecente importancia na vida dos estudantes, xa dende a adolescencia, das tecnoloxías dixitais. Os autores subliñan principalmente dous puntos: a dimensión participativa do desenvolvemento cultural actual para a xente nova, grazas ás novas tecnoloxías, e a dimensión comunitaria ou de grupo que esas tecnoloxías van asumindo. Este último punto en particular discrepa de moitos dos prexuízos que se lles atribúen aos adolescentes usuarios do mundo dixital, presentados en ocasións como alienados ou solitarios, sen querer con iso negar ou infravalorar os posibles riscos vinculados ao uso das novas tecnoloxías por parte dos máis novos.

O traballo, financiado con fondos da MacArthur Foundation, estuda a relación entre os medios dixitais e a educación. Nel, inténtanse poñer de relevo os aspectos positivos que se poderían conseguir ao integrar de maneira máis proveitosa os medios dixitais no sistema educativo, e, en particular, ao desenvolver as potencialidades de internet neste ámbito. Aínda que non se pretende facer unha crítica da relación da mocidade coas novas tecnoloxías, este é un dos puntos fortes do traballo con respecto a outras análises: Jenkins e os seus colaboradores intentan proporcionar suxestións prácticas para mellorar e facer máis frutífera a relación entre estudantes e tecnoloxías dixitais, de maneira que aqueles sexan capaces de sacar o maior rendemento posíbel ao seu emprego. Institucionalízanse así, en certo modo, formas de expresión cultural que tipicamente foron consideradas pola escola como habilidades